

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000026.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D^a. MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns, día 22 de xuño de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

PERSOAL

1. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DE 2 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN, CONSERVACIÓN, MANTEMENTO INTEGRAL E CONSUMIBLES DA MAQUINARIA EXISTENTE NO SERVIZO MUNICIPAL DO CEMITERIO. APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. EXP. REF. 2026/C003/000018.

3. CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DE LICENZAS E MANTEMENTO DO FIREWALL DE APLICACIÓNS WEB DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. EXP. REF. 2026/C004/000012.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3170905531374496475.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2026

FACENDA LOCAL

4. RECURSO DE REPOSICIÓN ALEGANDO DISCONFORMIDADE COA VALORACIÓN DO EXPEDIENTE 2022/Y001/000217.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE

CULTURA E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. APROBACIÓN DAS BASES DO XXVI CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE "CIDADE DE LUGO" 2026.

MOCIÓN, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.